



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Telf.: 981 857032  
Fax: 981 857251

### Expedientes número:

2023/E001/000008  
2023/E001/000018

2023/E001/000009  
2023/E001/000019

2023/E001/000013  
2023/E001/000020

2023/E001/000014  
2023/E001/000021

2023/E001/000017  
2023/E001/000022

**Procedemento:** PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE CARNOTA.

### ACTA Nº 2 ACTA DE VALORACIÓN DEFINITIVA

**Data:** 18/01/2024

**Hora de inicio:** 9.00

**Hora de finalización:** 12.00

#### Asistentes:

##### Presidenta:

- María Rosa Rama Vilela

##### Vogais:

- Manuel José González Castro
- María Margarita González González
- José Carlos Leis Caruncho

##### Secretaria:

- María Luísa Beiro Agulleiro

#### ORDE DO DÍA:

1. Aprobación da valoración definitiva dos méritos dos/das aspirantes na fase de concurso.
2. Aprobación da relación de aspirantes propostos para o nomeamento, no caso dos procesos selectivos convocados polo sistema de concurso.
3. Convocatoria dos/as aspirantes para a proba única da fase de oposición dos procesos selectivos convocados mediante o sistema de concurso oposición.
4. Aprobación das baterías de preguntas previstas na base 8.1.5 das bases xerais, das que se extraerán as contidas na proba.
5. Publicación.

Os integrantes do Tribunal Cualificador, nomeado por resolución da Alcaldía de data 28/11/2023, reúnen para tratar os asuntos indicados na orde do día, en relación cos seguintes procesos selectivos incluídos no proceso de estabilización do emprego temporal do Concello de Carnota:

EXPEDIENTE	PRAZA	SISTEMA
2023/E001/000008	Profesor/a de Música (A2, xornada completa)	Concurso
2023/E001/000009	Profesor/a de Música (A2, xornada parcial 56%)	Concurso
2023/E001/000013	Profesor/a de Música, especialidade Percusión (C1, xornada parcial 56%)	Concurso
2023/E001/000014	Profesor/a de Música, especialidade de Gaita (C1, xornada parcial 56%)	Concurso
2023/E001/000017	Encargado/a da Oficina de Información Xuvenil (A1)	Concurso
2023/E001/000018	Orientador/a Laboral (A1)	Concurso
2023/E001/000019	Educador/a Familiar (A2)	Concurso
2023/E001/000022	Técnico/a de Deportes e Monitor/a de Ximnasia (B)	Concurso
2023/E001/000020	Técnico/a de Información Turística (A2)	Concurso oposición
2023/E001/000021	Técnico/a de Deportes (A2)	Concurso oposición



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Telf.: 981 857032  
Fax: 981 857251

Aproban por unanimidade os seguintes

### ACORDOS

#### 1.- Aprobación da valoración definitiva dos méritos dos/das aspirantes na fase de concurso.

Rematado o prazo para formular alegacións contra as valoracións provisionais sen que se presentase ningunha, de acordo co establecido na base 9.3 das bases xerais que rexen os procesos selectivos referenciados, os membros do tribunal acordan aprobar a valoración definitiva dos méritos acreditados na fase de concurso do proceso de estabilización, coas seguintes puntuacións dos/das aspirantes presentados/as en cada proceso:

<b>PROFESOR/A DE MÚSICA (A2 XORNADA COMPLETA) CONCURSO</b>		<b>Expte. 2023/E001/000008</b>			
Nº	APELIDOS E NOME	DNI	Experiencia	Formación	Total
1	Montes Quintillán, Castor	***2120**	90,00	10,00	100,00
2	Santalices Blanco, Miguel Emilio	***2714**	32,00	10,00	42,00

  

<b>PROFESOR/A DE MÚSICA (A2 XORNADA PARCIAL, 56%) CONCURSO</b>		<b>Expte 2023/E001/000009</b>			
Nº	APELIDOS E NOME	DNI	Experiencia	Formación	Total
1	Blanco Gómez, Ana Isabel	***1252**	90,00	10,00	100,00

  

<b>PROFESOR/A DE MÚSICA, ESPEC. PERCUSIÓN (C1, XORN. PARCIAL 56%) CONCURSO</b>		<b>Expte. 2023/E001/000013</b>			
Nº	APELIDOS E NOME	DNI	Experiencia	Formación	Total
1	González Giráldez, Carlos	***6949**	90,00	10,00	100,00

  

<b>PROFESOR/A DE MÚSICA, ESPEC.E GAITA (C1, XORNADA PARCIAL 56%) CONCURSO</b>		<b>Expte 2023/E001/000014</b>			
Nº	APELIDOS E NOME	DNI	Experiencia	Formación	Total
1	Domínguez Calvo, Ramón	***6104**	90,00	10,00	100,00

  

<b>ENCARGADO/A DA OFICINA DE INFORMACIÓN XUVENIL (A1) CONCURSO</b>		<b>Expte. 2023/E001/000017</b>			
Nº	APELIDOS E NOME	DNI	Experiencia	Formación	Total
1	Lago González, María Dolores	***2959**	90,00	10,00	100,00
2	Otero Pérez, Susana	***3737**	33,90	10,00	43,90
3	Santos Torrado, Lidia	***8530**	9,60	10,00	19,60
4	Rodríguez Sánchez, Soraya	***0667**	1,90	10,00	11,90
5	Tajes Fernández, Manuela Esperanza	***7469**	0,00	10,00	10,00

  

<b>ORIENTADOR/A LABORAL (A1) CONCURSO</b>		<b>Expte. 2023/E001/000018</b>			
Nº	APELIDOS E NOME	DNI	Experiencia	Formación	Total
1	Leis Fernández, Francisco Antonio	***3283**	90,00	10,00	100,00
2	López Teijeira, Marta	***9602**	90,00	10,00	100,00
3	Campal Fernández, José Manuel	***9235**	71,40	10,00	81,40
4	Pazó Argibay, José Manuel	***3346**	47,50	10,00	57,50
5	García Pena, Julia	***2974**	38,50	10,00	48,50
6	Otero Pérez, Susana	***3737**	26,90	10,00	36,90
7	Serramito Vázquez, Ana	***0019**	17,60	10,00	27,60
8	Abuín García, Francisco José	***7891**	13,20	10,00	23,20
9	Santos Torrado, Lidia	***8530**	9,60	10,00	19,60
10	Rodríguez Sánchez, Soraya	***0667**	1,90	10,00	11,90
11	Tajes Fernández, Manuela Esperanza	***7469**	0,00	10,00	10,00



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Telf.: 981 857032  
Fax: 981 857251

O desempate das puntuacións totais finais acadadas polos aspirantes Francisco Antonio Leis Fernández e Marta López Teijeira resolvéase aplicando os criterios que se establecen no disposto na cláusula 8.2.2. das bases da convocatoria.

EDUCADOR/A FAMILIAR (A2) CONCURSO		Expte. 2023/E001/000019			
Nº	APELIDOS E NOME	DNI	Experiencia	Formación	Total
1	Quintela Vázquez, María Reyes	***3041**	90,00	10,00	100,00
2	Otero Pérez, Susana	***3737**	24,90	10,00	34,90
3	Escourido Rapa, María Cristina	***9526**	16,40	10,00	26,40
4	Bouza Leirachá, Joaquín	***0075**	14,40	10,00	24,40
5	Calo Pouso, Elena María	***3998**	8,80	10,00	18,80
6	Álvarez Pérez, Emma	***7392**	2,80	10,00	12,80
7	Ocampo González, Rosa María	***7260**	1,60	10,00	11,60
8	Bouzas Lampón, Tamara	***0963**	0,00	10,00	10,00
9	Tajes Fernández, Manuela Esperanza	***7469**	0,00	10,00	10,00

O desempate das puntuacións totais finais acadadas polas aspirantes Tamara Bouzas Lampón e Manuela Esperanza Tajes Fernández resolvéase aplicando os criterios que se establecen no disposto na cláusula 8.2.2. das bases da convocatoria.

TÉCNICO/A DE DEPORTES E MONITOR/A DE XIMNASIA (B) CONCURSO		Expte. 2023/E001/000022			
Nº	APELIDOS E NOME	DNI	Experiencia	Formación	Total
1	Lestón Leis, María Dolores	***2285**	90,00	10,00	100,00
2	Muñoz Ferro, Jaime	***0254**	8,40	10,00	18,40
3	Ruso Gundín, Elías	***0210**	6,00	10,00	16,00
4	Rodríguez Munín, Daniel	***6215**	0,80	10,00	10,80
5	Sendón Lago, Brais	***4364**	0,00	10,00	10,00

TÉCNICO/A DE INFORMACIÓN TURÍSTICA (A2) CONCURSO OPOSICIÓN		Expte. 2023/E001/000020			
Nº	APELIDOS E NOME	DNI	Experiencia	Formación	Total
1	Lago González, María	***3094**	36,00	4,00	40,00
2	Lago Somoza, Vanesa	***7528**	19,00	4,00	23,00
3	Lampón Lampón, Ramona	***3524**	18,90	4,00	22,90
4	Andrade Fraga, María Inés	***3399**	15,90	4,00	19,90
5	Pena Brantuas, Vanesa	***3925**	12,90	4,00	16,90
6	Casais Trillo, María Vanessa	***1320**	8,40	4,00	12,40
7	Caramés Hermo, María Antonieta	***7898**	8,10	4,00	12,10
8	Alonso Rodríguez, Paula	***7648**	5,90	4,00	9,90
9	Cornado Rodríguez, Lucía	***5693**	4,50	4,00	8,50

TÉCNICO/A DE DEPORTES (A2) CONCURSO OPOSICIÓN		Expte. 2023/E001/000021			
Nº	APELIDOS E NOME	DNI	Experiencia	Formación	Total
1	García Cuesta, Fernando	***7921**	36,00	4,00	40,00
2	Rodríguez Munín, Daniel	***6215**	0,40	4,00	4,40
3	Ríos Fidalgo, Abraham Álvaro	***8237**	0,00	4,00	4,00
4	Pérez Ferreira, César	***7468**	0,00	0,00	0,00



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Telf.: 981 857032  
Fax: 981 857251

### 2.- Aprobación da relación de aspirantes propostos para o nomeamento, no caso dos procesos selectivos convocados polo sistema de concurso.

De acordo co establecido na base 9.3 das bases xerais, os membros do tribunal acordan por unanimidade propoñer para o nomeamento a seguinte relación de aspirantes nos procesos selectivos convocados mediante o sistema de concurso, no marco do proceso de estabilización de emprego temporal do Concello de Carnota:

EXPEDIENTE	PRAZA	APELIDOS E NOME	DNI
2023/E001/000008	PROFESOR/A DE MÚSICA (A2 XORNADA COMPLETA) CONCURSO	Montes Quintillán, Castor	***2120**
2023/E001/000009	PROFESOR/A DE MÚSICA (A2 XORNADA PARCIAL, 56%) CONCURSO	Blanco Gómez, Ana Isabel	***1252**
2023/E001/000013	PROFESOR/A DE MÚSICA, ESPEC. PERCUSIÓN (C1, XORN. PARCIAL 56%) CONCURSO	González Giráldez, Carlos	***6949**
2023/E001/000014	PROFESOR/A DE MÚSICA, ESPEC.E GAITA (C1, XORNADA PARCIAL 56%) CONCURSO	Domínguez Calvo, Ramón	***6104**
2023/E001/000017	ENCARGADO/A DA OFICINA DE INFORMACIÓN XUVENIL (A1) CONCURSO	Lago González, María Dolores	***2959**
2023/E001/000018	ORIENTADOR/A LABORAL (A1) CONCURSO	Leis Fernández, Francisco Antonio	***3283**
2023/E001/000019	EDUCADOR/A FAMILIAR (A2) CONCURSO	Quintela Vázquez, María Reyes	***3041**
2023/E001/000022	TÉCNICO/A DE DEPORTES E MONITOR/A DE XIMNASIA (B) CONCURSO	Lestón Leis, María Dolores	***2285**

### 3.- Convocatoria dos/as aspirantes para a proba única da fase de oposición dos procesos selectivos convocados mediante o sistema de concurso oposición.

O Tribunal convoca os/as aspirantes dos procesos selectivos desenvolvidos mediante o sistema de concurso oposición para a realización da **proba** prevista na base 8.1.5 das bases xerais o día **06/02/2024**, ás **12.00 horas** no **salón de actos do Concello de Carnota**.

#### Relación de aspirantes convocados/as:

TÉCNICO/A DE INFORMACIÓN TURÍSTICA (A2) CONCURSO OPOSICIÓN		Expte. 2023/E001/000020			
Nº	APELIDOS E NOME	DNI	Experiencia	Formación	Total
1	Lago González, María	***3094**	36,00	4,00	40,00
2	Lago Somoza, Vanesa	***7528**	19,00	4,00	23,00
3	Lampón Lampón, Ramona	***3524**	18,90	4,00	22,90
4	Andrade Fraga, María Inés	***3399**	15,90	4,00	19,90
5	Pena Brantuas, Vanesa	***3925**	12,90	4,00	16,90
6	Casais Trillo, María Vanessa	***1320**	8,40	4,00	12,40
7	Caramés Hermo, María Antonieta	***7898**	8,10	4,00	12,10
8	Alonso Rodríguez, Paula	***7648**	5,90	4,00	9,90
9	Cornado Rodríguez, Lucía	***5693**	4,50	4,00	8,50

TÉCNICO/A DE DEPORTES (A2) CONCURSO OPOSICIÓN		Expte. 2023/E001/000021			
Nº	APELIDOS E NOME	DNI	Experiencia	Formación	Total
1	García Cuesta, Fernando	***7921**	36,00	4,00	40,00
2	Rodríguez Munín, Daniel	***6215**	0,40	4,00	4,40
3	Ríos Fidalgo, Abraham Álvaro	***8237**	0,00	4,00	4,00
4	Pérez Ferreira, César	***7468**	0,00	0,00	0,00



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Telf.: 981 857032  
Fax: 981 857251

#### **4.- Aprobación das baterías de preguntas previstas na base 8.1.5 das bases xerais, das que se extraerán as contidas na proba.**

Conforme ao previsto na base 8.1.5 das bases xerais apróbanse as baterías de preguntas, das que se extraerán as contidas nas probas correspondentes aos seguintes procesos selectivos convocados mediante o sistema de concurso oposición:

- Técnico/a de Información Turística (A2)
- Técnico/a de Deportes (A2)

As baterías de preguntas aprobadas engádense como anexo a esta acta.

#### **5.- Publicación.**

De conformidade coas disposicións 8.1.5 e 9 das bases xerais da convocatoria, o tribunal acorda publicar no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carnota as puntuacións definitivas de cada aspirante, a relación de aspirantes propostos para o nomeamento no caso dos procesos convocados mediante o sistema de concurso, a convocatoria dos/as aspirantes dos procesos selectivos desenvolvidos mediante o sistema de concurso oposición para a realización da proba única da fase de oposición e as baterías de preguntas das que se extraerán as contidas na dita proba.

Contra estes acordos poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Alcaldía Presidencia do Concello de Carnota, no prazo de 1 mes a contar desde a publicación da presente acta.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidenta levanta a sesión á hora que se indica no encabezamento, e os/as asistentes asinan a presente acta, de todo o que, como secretaria, dou fe.



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Telf.: 981 857032  
Fax: 981 857251

### ANEXO I

#### **BATERÍA DE PREGUNTAS PARA A PROBA DA FASE DE OPOSICIÓN DO PROCESO SELECTIVO DA PRAZA DE TÉCNICO/A DE INFORMACIÓN TURÍSTICA (ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL).**

##### **1. Sinale a resposta INCORRECTA en relación coas asociacións, segundo o disposto no artigo 22 da Constitución española de 1978:**

- As asociacións que persigan fins ou utilicen medios tipificados como delito son ilegais.
- Todas as asociacións deben inscribirse nun rexistro, para os efectos da súa válida constitución.
- Prohíbense as asociacións secretas e as de carácter paramilitar.
- As asociacións só poderán ser disolvidas ou suspendidas da nas súas actividades en virtude de resolución xudicial motivada.

##### **2. Segundo o artigo 43.3 da Constitución española de 1978, os poderes públicos:**

- Fomentarán a educación sanitaria e a promoción da saúde.
- Promoverán a ciencia e a investigación científica en beneficio do interese xeral.
- Fomentarán a educación sanitaria, a educación física e o deporte e facilitarán a adecuada utilización do ocio.
- Promoverán a práctica do deporte nas institucións educativas e ao aire libre.

##### **3. Segundo o artigo 137 da Constitución española de 1978, o Estado organízase territorialmente:**

- En municipios, en provincias e nas comunidades autónomas que se constitúan.
- En provincias, municipios e illas.
- En provincias, municipios e comarcas.
- En provincias, municipios e rexións.

##### **4. O artigo 27 do Estatuto de Autonomía de Galicia, en relación coa promoción e a ordenación do turismo dentro da Comunidade, determina que:**

- Correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva na materia.
- O Estado ten competencia exclusiva sobre a materia.
- É competencia Comunidade Autónoma galega o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado sobre a materia.
- Correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a execución da lexislación do Estado na dita materia.

##### **5. En relación co idioma, o artigo 5.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia determina que:**

- Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o deber de coñecelos e usalos.
- Os idiomas galego e castelán son cooficiais en Galicia e todos teñen deber de coñecelos e o dereito a usalos.
- Os idiomas galego e castelán son cooficiais en Galicia e todos teñen o deber de coñecelos e usalos.
- Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de coñecelos e usalos.

##### **6. Segundo o artigo 32 do Estatuto de Autonomía de Galicia, corresponde á Comunidade Autónoma a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego. Con tal finalidade, e mediante lei do Parlamento, constituirase:**

- Un Fondo Cultural Galego.
- O patrimonio cultural galego.
- O Consello da Cultura Galega.
- As respostas a) e c) son correctas.

##### **7. Segundo o artigo 11 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, son elementos do municipio:**

- O territorio, a poboación e o concello.
- O territorio, a poboación e a organización.
- O termo municipal, os habitantes e os órganos de goberno.
- O termo municipal, os habitantes e a organización.



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Telf.: 981 857032  
Fax: 981 857251

### **8. Segundo o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, cal das seguintes atribucións NON ostenta o alcalde?**

- a) Dirixir o goberno e a administración municipal.
- b) Dirixir, inspeccionar e impulsar os servizos e obras municipais.
- c) Desempeñar a xefatura superior de todo o persoal.
- d) Aprobar o regulamento orgánico do Concello e as ordenanzas municipais.

### **9. Segundo o artigo 20 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a Xunta de Goberno Local:**

- a) Existe en todos os Concellos.
- b) Existe en todos os municipios con poboación superior a 5.000 habitantes e nos de menos, cando así o dispoña o seu regulamento orgánico ou así o acorde o Pleno do seu Concello.
- c) Só existe en todos os municipios con poboación superior a 10.000 habitantes e nos de menos, cando así o dispoña o seu regulamento ou así o acorde o Pleno do seu Concello.
- d) Só existe nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes.

### **10 . Segundo o artigo 10 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os procedementos de selección do persoal funcionario interino serán:**

- a) Públicos, e rexeranse en todo caso polos principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e celeridade.
- b) Públicos, e rexeranse en todo caso polos principios de celeridade e eficacia.
- c) Abertos, e rexeranse en todo caso polos principios de publicidade, mérito e transparencia.
- d) Rápidos, e rexeranse en todo caso polos principios de publicidade, celeridade e eficiencia.

### **11. Segundo o artigo 8 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os empregados públicos clasifícanse en:**

- a) Funcionarios de carreira e persoal laboral.
- b) Funcionarios de carreira e funcionarios interinos.
- c) Funcionarios de carreira, funcionarios interinos, persoal laboral, xa sexa fixo, por tempo indefinido ou temporal, e persoal eventual.
- d) Funcionarios de carreira, funcionarios interinos, persoal laboral e persoal directivo.

### **12. Segundo o artigo 4 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, NON se entende como equipo de traballo:**

- a) Calquera grupo de traballadores que interveña no traballo.
- b) Calquera máquina utilizada no traballo.
- c) Calquera instrumento utilizado no traballo.
- d) Calquera instalación utilizada no traballo.

### **13. O artigo 15 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais NON recolle como un principio xeral da acción preventiva que o empresario deberá ter en conta á hora de aplicar as medidas que integran o deber xeral de prevención:**

- a) Substituír o perigoso polo que entraña pouco ou ningún perigo.
- b) Adoptar medidas que antepoñan a protección individual á colectiva.
- c) Ter en conta a evolución da técnica.
- d) Adaptar o traballo á persoa.

### **14. Segundo o artigo 4 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, o principio de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes é:**

- a) Un principio informador do ordenamento xurídico e, como tal, integrárase e observárase na interpretación e aplicación das normas xurídicas.
- b) Unha norma xurídica.
- c) Unha acción positiva en favor das mulleres para corrixir situacións patentes de desigualdade respecto dos homes.
- d) Unha declaración de intencións.



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Telf.: 981 857032  
Fax: 981 857251

**15. Segundo o artigo 8 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade de mulleres e homes, todo trato desfavorable ás mulleres relacionado co embarazo ou a maternidade constitúe:**

- a) Discriminación directa por razón de sexo.
- b) Discriminación indirecta por razón de sexo.
- c) Acoso sexual.
- d) Acoso por razón de sexo.

**16. Segundo o establecido no artigo 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, entenderase rexeitada cando transcorreran desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido:**

- a) 10 días hábiles.
- b) 10 días naturais.
- c) 15 días hábiles.
- d) 15 días naturais.

**17. Segundo o artigo 43.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando se entenderá cumprida a obriga da notificación electrónica dunha resolución ou dun acto administrativo?**

- a) Coa posta a disposición da notificación na sede electrónica de calquera Administración.
- b) Cando se practique a notificación presencial no domicilio do interesado.
- c) Coa posta a disposición da notificación na oficina de Correos correspondente.
- d) Coa posta a disposición da notificación na sede electrónica da Administración ou Organismo actuante ou no enderezo electrónico habilitado único.

**18. O artigo 76 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, determina que os interesados no procedemento administrativo poderán aducir alegacións e achegar documentos ou outros elementos de xuízo:**

- a) En calquera fase do procedemento, antes da súa terminación.
- b) En calquera momento do procedemento anterior ao trámite de audiencia.
- c) Unicamente no trámite de audiencia.
- d) No prazo máximo de 1 mes desde a finalización do procedemento.

**19. De acordo co artigo 46 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, que documentos utilizados nas actuacións administrativas deberán almacenarse por medios electrónicos?**

- a) Só os documentos que finalicen os procedementos.
- b) Só os documentos que sexan relevantes para o procedemento.
- c) Todos os documentos utilizados nas actuacións administrativas, salvo cando non sexa posible.
- d) Só os documentos proporcionados polos particulares.

**20. Sinala a resposta INCORRECTA en relación co prazo de vixencia dos convenios, segundo o artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público:**

- a) Poderán subscribirse convenios con vixencia indefinida ou indeterminada.
- b) Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a 4 anos, salvo que normativamente se prevexa un prazo superior.
- c) En calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia establecido, os asinantes poderán acordar unanimemente a prórroga do convenio por un período de ata 4 anos adicionais.
- d) En calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia establecido, os asinantes poderán acordar a extinción do convenio.





## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Telf.: 981 857032  
Fax: 981 857251

**21. A cal dos seguintes ámbitos non é de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, segundo determina o seu artigo 3?**

- a) Á Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Aos organismos autónomos, axencias públicas autonómicas, entidades públicas empresariais e consorcios autonómicos.
- c) Aos organismos e entidades da Administración do Estado radicados no territorio de Galicia.
- d) Ás entidades locais de Galicia, incluídos os organismos e entes dependentes delas.

**22. Segundo o artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cal é o procedemento ordinario de concesión de subvencións?**

- a) O rateo.
- b) A concesión directa.
- c) A concorrència non competitiva.
- d) A concorrència competitiva.

**23. Conforme o artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en ningún caso serán subvencionables:**

- a) Os gastos notariais e rexistrals.
- b) Os gastos de procedementos xudiciais.
- c) Os gastos de asesoría xurídica ou financeira
- d) Os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado.

**24. Segundo o artigo 3 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia, teñen a consideración de administracións públicas competentes en materia de turismo:**

- a) A Administración da Xunta de Galicia
- b) Os concellos.
- c) As entidades locais supramunicipais.
- d) Todas as anteriores respostas son correctas.

**25. Segundo o artigo 5 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia, cal das seguintes atribucións NON corresponde aos concellos?**

- a) Promover a declaración de municipio turístico e de festas de interese turístico.
- b) O desenvolvemento de infraestruturas turísticas no ámbito da súa competencia.
- c) A protección e promoción dos recursos turísticos do seu termo municipal.
- d) A xestión do Rexistro de Establecementos e Actividades Turísticas de Galicia.

**26. Sinala a resposta correcta en relación cos xeodestinos turísticos, de acordo co artigo 23 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia:**

- a) Enténdese por xeodestinos turísticos as áreas ou espazos xeográficos que, aínda que non sexan limítrofes, comparten unha homoxeneidade baseada nos seus recursos turísticos.
- b) A Xunta de Galicia, os concellos e as entidades supramunicipais poderán crear xeodestinos.
- c) A Consellería competente en materia de turismo poderá definir e crear denominacións de xeodestinos turísticos, a proposta do órgano directivo competente en materia de turismo.
- d) Despois da súa creación, os xeodestinos poderanse utilizar por entidades públicas e privadas, incluso como nome comercial e rótulos de establecementos ou vehículos.

**27. Segundo o artigo 11 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia, as usuarias e usuarios turísticos terán os seguintes dereitos:**

- a) Dereito de información, dereito á calidade dos ben e servizos adquiridos e dereito a formular queixas e reclamacións.
- b) Dereito á seguridade, dereito á tranquilidade e intimidade e dereito de non discriminación.
- c) As opcións a) e b) son incorrectas.
- d) As opcións a) e b) son correctas.



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Telf.: 981 857032  
Fax: 981 857251

### **28. Segundo o artigo 1 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, o patrimonio cultural de Galicia está constituído por:**

- a) Polos ben mobles, inmobles ou manifestacións inmateriais que, polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial, científico e técnico, documental ou bibliográfico, deban ser considerados como de interese para a permanencia, recoñecemento e identidade da cultura galega a través do tempo.
- b) Por todos aqueles bens ou manifestacións inmateriais de interese para Galicia nos que conorra algún dos valores enumerados na opción a) e que se encontren en Galicia, con independencia do lugar no que fosen creados.
- c) As opcións a) e b) son correctas.
- d) As opcións a) e b) son incorrectas.

### **29. Como se cualifican os hórreos, cruceiros e petos de ánimas no artigo 92 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia?**

- a) Como bens de interese cultural.
- b) Como patrimonio inmaterial.
- c) As opcións a) e b) son correctas.
- d) A Lei do patrimonio de Galicia fai referencia aos hórreos e os cruceiros, pero non aos petos de ánimas.

### **30. Segundo o artigo 91 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, para os efectos da súa posible declaración de interese cultural ou catalogación, presúmese o valor etnolóxico dos seguintes bens:**

- a) Os hórreos, os cruceiros, as cruces de mortos, as de termo e os petos de ánimas.
- b) As fontes e os lavadoiros comunais ou públicos de carácter tradicional.
- c) As fábricas de salgadura, as carpintarías de ribeira e as embarcacións tradicionais do litoral e dos ríos de Galicia.
- d) Todas as anteriores respostas son correctas, sempre que os ditos bens conserven de forma suficiente a súa integridade formal e construtiva e os aspectos característicos que determinan a súa autenticidade.

### **31. O artigo 94 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, en relación cos bens arqueolóxicos sinala que:**

- a) Pertencen ao dominio público, sempre que non se atopen nunha propiedade privada.
- b) Son bens de interese cultural as covas, abrigos e lugares ao aire libre que conteñan manifestacións de arte rupestre.
- c) Presúmese a existencia de valor arqueolóxico nos restos paleolíticos, neolíticos e megalíticos, como as mámoas, os menhires e os dolmens, calcolíticos e da idade de bronce, así como nos representativos da cultura castrexa e galaico-romana.
- d) As opcións b) e c) son correctas.

### **32. Conforme o artigo 3 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia, para a declaración terase en conta o cumprimento de determinados requisitos referidos, entre outros, a:**

- a) Arraigo e continuidade no tempo.
- b) Singularidade e valor cultural.
- c) As opcións a) e b) son correctas.
- d) As respostas a) e b) son incorrectas.

### **33. Conforme o artigo 5 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia, desde o momento da súa publicación oficial, as festas declaradas de interese turístico de Galicia terán unha especial consideración na planificación e promoción da Administración autonómica, especialmente para:**

- a) Recibir axudas e subvencións que poida convocar para este fin a Administración da Comunidade Autónoma.
- b) Ser incluídas nas accións de promoción que pida realizar a Administración da Comunidade Autónoma.
- c) Planificar investimentos e materiais que melloren e beneficien o evento.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Telf.: 981 857032  
Fax: 981 857251

### 34. Cantas parroquias hai no termo municipal de Carnota?

- a) 5
- b) 3
- c) 7
- d) 4

### 35. O concello de Carnota pertence á comarca de:

- a) Barbanza.
- b) Muros
- c) Noia
- d) Xallas

### 36. Cal dos seguinte recursos NON está no termo municipal de Carnota?

- a) Os petróglifos de Prousos Magos.
- b) O petróglifo da Cova da Bruxa.
- c) O petróglifo de Rego Lamoso.
- d) O petróglifo do Afilladuro.

### 37. Cal dos seguintes recursos naturais está no termo municipal de Carnota?

- a) A ferverza das Fontes.
- b) A ferverza de Fírvado.
- c) A ferverza do Xallas.
- d) A ferverza de Noveira.

### 38. Sinale a resposta correcta en relación co Hórreo de Carnota:

- a) Foi construído no ano 1768 e ampliado no ano 1783 e conta con 22 pares de pés.
- b) Foi construído no ano 1800 e ampliado no ano 1835 e conta con 22 pares de pés.
- c) Foi construído no ano 1768 e ampliado no ano 1783 e conta con 20 pares de pés.
- d) Foi Construído no ano 1800 e ampliado no ano 1835 e conta con 20 pares de pés.

### 39. A feira de promoción local que organiza anualmente o Concello de Carnota coincidindo coa Semana Santa denomínase:

- a) O Feito a Man.
- b) Víndemo Ver.
- c) Carnota é Túa.
- d) ExpoCarnota.

### 40. Segundo a tradición popular, que personaxe habitou un castelo no Monte Pindo?

- a) Pedro Madruga.
- b) A raíña Lupa.
- c) O mariscal Pedro Pardo de Cela.
- d) Pepa a Loba.



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Telf.: 981 857032  
Fax: 981 857251

### ANEXO II

#### **BATERÍA DE PREGUNTAS PARA A PROBA DA FASE DE OPOSICIÓN DO PROCESO SELECTIVO DA PRAZA DE TÉCNICO/A DE DEPORTES (ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL).**

**1. Sinale a resposta INCORRECTA en relación coas asociacións, segundo o disposto no artigo 22 da Constitución española de 1978:**

- As asociacións que persigan fins ou utilicen medios tipificados como delito son ilegais.
- Todas as asociacións deben inscribirse nun rexistro, para os efectos da súa válida constitución.
- Prohíbense as asociacións secretas e as de carácter paramilitar.
- As asociacións só poderán ser disolvidas ou suspendidas da nas súas actividades en virtude de resolución xudicial motivada.

**2. Segundo o artigo 43.3 da Constitución española de 1978, os poderes públicos:**

- Fomentarán a educación sanitaria e a promoción da saúde.
- Promoverán a ciencia e a investigación científica en beneficio do interese xeral.
- Fomentarán a educación sanitaria, a educación física e o deporte e facilitarán a adecuada utilización do ocio.
- Promoverán a práctica do deporte nas institucións educativas e ao aire libre.

**3. Segundo o artigo 137 da Constitución española de 1978, o Estado organízase territorialmente:**

- En municipios, en provincias e nas comunidades autónomas que se constitúan.
- En provincias, municipios e illas.
- En provincias, municipios e comarcas.
- En provincias, municipios e rexións.

**4. O artigo 27 do Estatuto de Autonomía de Galicia, en relación coa promoción do deporte e da adecuada utilización o ocio, determina que:**

- Correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva das ditas materias.
- O Estado ten competencia exclusiva sobre as referidas materias.
- É competencia Comunidade Autónoma galega o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado sobre as ditas materias.
- Correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a execución da lexislación do Estado nas ditas materias.

**5. En relación co idioma, o artigo 5.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia determina que:**

- Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o deber de coñecerlos e usalos.
- Os idiomas galego e castelán son cooficiais en Galicia e todos teñen deber de coñecerlos e o dereito a usalos.
- Os idiomas galego e castelán son cooficiais en Galicia e todos teñen o deber de coñecerlos e usalos.
- Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de coñecerlos e usalos.

**6. Segundo o artigo 32 do Estatuto de Autonomía de Galicia, corresponde á Comunidade Autónoma a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego. Con tal finalidade, e mediante lei do Parlamento, constituirase:**

- Un Fondo Cultural Galego.
- O patrimonio cultural galego.
- O Consello da Cultura Galega.
- As respostas a) e c) son correctas.

**7. Segundo o artigo 11 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, son elementos do municipio:**

- O territorio, a poboación e o concello.
- O territorio, a poboación e a organización.
- O termo municipal, os habitantes e os órganos de goberno.
- O termo municipal, os habitantes e a organización.



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Telf.: 981 857032  
Fax: 981 857251

### **8. Segundo o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, cal das seguintes atribucións NON ostenta o alcalde?**

- a) Dirixir o goberno e a administración municipal.
- b) Dirixir, inspeccionar e impulsar os servizos e obras municipais.
- c) Desempeñar a xefatura superior de todo o persoal.
- d) Aprobar o regulamento orgánico do Concello e as ordenanzas municipais.

### **9. Segundo o artigo 20 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a Xunta de Goberno Local:**

- a) Existe en todos os Concellos.
- b) Existe en todos os municipios con poboación superior a 5.000 habitantes e nos de menos, cando así o dispoña o seu regulamento orgánico ou así o acorde o Pleno do seu Concello.
- c) Só existe en todos os municipios con poboación superior a 10.000 habitantes e nos de menos, cando así o dispoña o seu regulamento ou así o acorde o Pleno do seu Concello.
- d) Só existe nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes.

### **10. Segundo o artigo 10 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os procedementos de selección do persoal funcionario interino serán:**

- a) Públicos, e rexeranse en todo caso polos principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e celeridade.
- b) Públicos, e rexeranse en todo caso polos principios de celeridade e eficacia.
- c) Abertos, e rexeranse en todo caso polos principios de publicidade, mérito e transparencia.
- d) Rápidos, e rexeranse en todo caso polos principios de publicidade, celeridade e eficiencia.

### **11. Segundo o artigo 8 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os empregados públicos clasifícanse en:**

- a) Funcionarios de carreira e persoal laboral.
- b) Funcionarios de carreira e funcionarios interinos.
- c) Funcionarios de carreira, funcionarios interinos, persoal laboral, xa sexa fixo, por tempo indefinido ou temporal, e persoal eventual.
- d) Funcionarios de carreira, funcionarios interinos, persoal laboral e persoal directivo.

### **12. Segundo o artigo 4 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, NON se entende como equipo de traballo:**

- a) Calquera grupo de traballadores que interveña no traballo.
- b) Calquera máquina utilizada no traballo.
- c) Calquera instrumento utilizado no traballo.
- d) Calquera instalación utilizada no traballo.

### **13. O artigo 15 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais NON recolle como un principio xeral da acción preventiva que o empresario deberá ter en conta á hora de aplicar as medidas que integran o deber xeral de prevención:**

- a) Substituír o perigoso polo que entraña pouco ou ningún perigo.
- b) Adoptar medidas que antepoñan a protección individual á colectiva.
- c) Ter en conta a evolución da técnica.
- d) Adaptar o traballo á persoa.

### **14. Segundo o artigo 4 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, o principio de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes é:**

- a) Un principio informador do ordenamento xurídico e, como tal, integrárase e observárase na interpretación e aplicación das normas xurídicas.
- b) Unha norma xurídica.
- c) Unha acción positiva en favor das mulleres para corrixir situacións patentes de desigualdade respecto dos homes.
- d) Unha declaración de intencións.



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Telf.: 981 857032  
Fax: 981 857251

**15. Segundo o artigo 8 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade de mulleres e homes, todo trato desfavorable ás mulleres relacionado co embarazo ou a maternidade constitúe:**

- a) Discriminación directa por razón de sexo.
- b) Discriminación indirecta por razón de sexo.
- c) Acoso sexual.
- d) Acoso por razón de sexo.

**16. Segundo o establecido no artigo 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, entenderase rexeitada cando transcorreran desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido:**

- a) 10 días hábiles.
- b) 10 días naturais.
- c) 15 días hábiles.
- d) 15 días naturais.

**17. Segundo o artigo 43.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando se entenderá cumprida a obriga da notificación electrónica dunha resolución ou dun acto administrativo?**

- a) Coa posta a disposición da notificación na sede electrónica de calquera Administración.
- b) Cando se practique a notificación presencial no domicilio do interesado.
- c) Coa posta a disposición da notificación na oficina de Correos correspondente.
- d) Coa posta a disposición da notificación na sede electrónica da Administración ou Organismo actuante ou no enderezo electrónico habilitado único.

**18. O artigo 76 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, determina que os interesados no procedemento administrativo poderán aducir alegacións e achegar documentos ou outros elementos de xuízo:**

- a) En calquera fase do procedemento, antes da súa terminación.
- b) En calquera momento do procedemento anterior ao trámite de audiencia.
- c) Unicamente no trámite de audiencia.
- d) No prazo máximo de 1 mes desde a finalización do procedemento.

**19. De acordo co artigo 46 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, que documentos utilizados nas actuacións administrativas deberán almacenarse por medios electrónicos?**

- a) Só os documentos que finalicen os procedementos.
- b) Só os documentos que sexan relevantes para o procedemento.
- c) Todos os documentos utilizados nas actuacións administrativas, salvo cando non sexa posible.
- d) Só os documentos proporcionados polos particulares.

**20. Sinala a resposta INCORRECTA en relación co prazo de vixencia dos convenios, segundo o artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público:**

- a) Poderán subscribirse convenios con vixencia indefinida ou indeterminada.
- b) Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a 4 anos, salvo que normativamente se prevexa un prazo superior.
- c) En calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia establecido, os asinantes poderán acordar unanimemente a prórroga do convenio por un período de ata 4 anos adicionais.
- d) En calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia establecido, os asinantes poderán acordar a extinción do convenio.

**21. A cal dos seguintes ámbitos non é de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, segundo determina o seu artigo 3?**

- a) Á Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Aos organismos autónomos, axencias públicas autonómicas, entidades públicas empresariais e consorcios autonómicos.
- c) Aos organismos e entidades da Administración do Estado radicados no territorio de Galicia.
- d) Ás entidades locais de Galicia, incluídos os organismos e entes dependentes delas.



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Telf.: 981 857032  
Fax: 981 857251

**22. Segundo o artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cal é o procedemento ordinario de concesión de subvencións?**

- a) O rateo.
- b) A concesión directa.
- c) A concorrència non competitiva.
- d) A concorrència competitiva.

**23. Conforme o artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en ningún caso serán subvencionables:**

- a) Os gastos notariais e rexistras.
- b) Os gastos de procedementos xudiciais.
- c) Os gastos de asesoría xurídica ou financeira
- d) Os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado.

**24. O artigo 8 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia determina que contarán cunha área de deportes, que poderá ser mancomunada, para contribuír a levar a actividade físico-deportiva a toda a cidadanía e garantir o pleno aproveitamento social das instalacións:**

- a) Os concellos de máis de 3.000 habitantes.
- b) Os concellos de máis de 5.000 habitantes.
- c) Os concellos de máis de 2.000 habitantes.
- d) Todos os concellos.

**25. Segundo o artigo 41 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, NON teñen a consideración de entidades deportivas galegas:**

- a) Os clubs deportivos.
- b) As agrupacións deportivas escolares.
- c) As seccións deportivas e as federacións deportivas.
- d) Ningunha das anteriores respostas é correcta, pois todas teñen a consideración de entidades deportivas galegas.

**26. Conforme o artigo 116 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, a venda de alcohol e tabaco nas instalacións deportivas:**

- a) É unha infracción administrativa moi grave.
- b) É unha infracción administrativa grave.
- c) É unha infracción administrativa leve.
- d) Non está tipificado como infracción administrativa.

**27. Conforme o artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas, as seguintes materias:**

- a) Promoción do deporte e instalacións deportivas.
- b) Ocupación do tempo libre.
- c) As opcións a) e b) son correctas.
- d) As opcións a) e b) son incorrectas.

**28. En virtude do artigo 8 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, NON é unha competencia dos municipios:**

- a) Fomentar, promover e difundir o deporte, especialmente o deporte en idade escolar.
- b) Fomentar e apoiar a creación de asociacións deportivas no seu ámbito territorial, especialmente nos centros de ensino, barrios e centros de traballo.
- c) Organizar campionatos e eventos deportivos de carácter local.
- d) Fomentar e regular o asociacionismo deportivo de Galicia.



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Telf.: 981 857032  
Fax: 981 857251

**29. O artigo 83 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia determina que os concellos velarán polo cumprimento, nas instalacións deportivas de uso público que estean no seu termo municipal, da normativa reguladora referida aos seguintes aspectos:**

- Tipoloxía, características técnicas, condicións e dimensións das instalacións, así como acceso e utilización por parte das persoas con discapacidade.
- Hixiene, seguridade e prevención de accións violentas.
- Presenza, asistencia e intervención nas instalacións de técnicos titulados.
- Toda as opcións anteriores son correctas.

**30. De acordo co artigo 51 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, as federacións deportivas galegas son:**

- Entidades privadas, sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar.
- Entidades privadas de natureza asociativa, con ánimo de lucro e con personalidade xurídica propia.
- Entidades privadas de natureza asociativa, sen ánimo de lucro e sen personalidade xurídica.
- Entidades públicas de natureza asociativa, sen ánimo de lucro e con personalidade xurídica propia.

**31. De acordo co artigo 45 da Lei da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, son clubs deportivos:**

- As asociacións privadas sen personalidade xurídica, sen capacidade de obrar e sen ánimo de lucro, integradas por persoas físicas ou xurídicas, que teñan entre os seus obxectivos a práctica do deporte polos seus asociados.
- As asociacións privadas con personalidade xurídica, capacidade de obrar e ánimo de lucro, integradas por persoas físicas ou xurídicas, que teñan entre os seus obxectivos a práctica do deporte polos seus asociados.
- As asociacións privadas con personalidade xurídica e capacidade de obrar, sen ánimo de lucro, integradas por persoas físicas ou xurídicas, que teñan como obxecto exclusivo ou principal a práctica de unha ou varias modalidades ou especialidades deportivas polos seus asociados, así como a participación en actividades e competicións oficiais.
- As asociacións de carácter público con personalidade xurídica e capacidade de obrar, sen ánimo de lucro, integradas por persoas xurídicas, que teñan entre os seus obxectivos a práctica do deporte polos seus asociados.

**32. En virtude do artigo 63 da Lei 39/2022, do 30 de decembro, do deporte, a constitución de clubs deportivos rexerase:**

- Pola normativa estatal.
- Pola normativa autonómica correspondente.
- Pola normativa municipal correspondente.
- Ningunha das anteriores respostas é correcta.

**33. Sinala a resposta correcta en relación co deporte en idade escolar, segundo o establecido no artigo 24 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia:**

- Considérase deporte en idade escolar a práctica deportiva organizada e voluntaria por parte da poboación en idade escolar.
- Considérase deporte en idade escolar a práctica deportiva espontánea e voluntaria por parte da poboación en idade escolar.
- Considérase deporte en idade escolar a práctica deportiva organizada e obrigatoria, incluída no currículo das diferentes etapas educativas.
- Todas as opcións anteriores son correctas.

**34. Sinala a resposta correcta en relación co deporte en idade escolar, segundo o establecido no artigo 24 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia:**

- Na práctica do deporte en idade escolar débese dar prioridade á especialización nunha disciplina ou modalidade deportiva.
- A práctica do deporte en idade escolar debe ser preferentemente polideportiva.
- A práctica do deporte en idade escolar debe garantir que os deportistas practiquen diversas modalidades deportivas, sen ter en conta a súa aptitude física e idade.
- As opcións a) e b) son correctas.





## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Telf.: 981 857032  
Fax: 981 857251

### **35. Sinale a resposta correcta en relación cos campionatos en idade escolar, de acordo co artigo 24 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia:**

- a) A organización dos campionatos en idade escolar correspóndelle á Administración deportiva.
- b) A organización dos campionatos en idade escolar correspóndelles en todo caso aos concellos en que teñan lugar.
- c) As fases previas á fase final poderán ser organizadas por outras administracións públicas de Galicia e por outras entidades inscritas no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, no marco da regulamentación que establece a Administración deportiva.
- d) As opcións a) e c) son correctas.

### **36. Que pavillóns deportivos de titularidade municipal hai no termo municipal de Carnota?**

- a) Dous: un situado en Lira e outro en Lariño.
- b) Dous: un situado en no lugar de Carnota e outro en Lamas de Castelo.
- c) Só hai un e está situado en Lamas de Castelo.
- d) Só hai un e está situado no Pindo.

### **37. Cal das seguintes actividades non se inclúe na programación do Departamento de Deportes do Concello de Carnota no curso 2023-2024?**

- a) Fútbol.
- b) Patinaxe deportiva e patinaxe artística.
- c) Ximnasia de mantemento.
- d) Todas as anteriores actividades se inclúen na programación infantil do Departamento de Deportes do Concello de Carnota no curso 2023-2024.

### **38. Cal dos seguintes é un evento deportivo organizado polo Concello de Carnota coa colaboración de diferentes entidades deportivas?**

- a) Carreira das Areas.
- b) Trail Viquinga.
- c) As respostas a) e b) son correctas.
- d) As respostas a) e b) son incorrectas.

### **39. Participa o Concello de Carnota, de forma colaborativa con outros concellos, na organización dalgún circuíto de carreiras populares?**

- a) Si, é un dos concellos organizadores do Circuíto de Carreiras Populares Correndo pola Costa da Morte.
- b) Si, é un dos concellos organizadores do Circuíto de Carreiras Populares "Barbanza Arousa.
- c) As respostas a) e b) son correctas.
- d) As respostas a) e b) son incorrectas.

### **40. Que bonificacións contempla a Ordenanza fiscal reguladora do prezo público polos servizos culturais e deportivos no Concello de Carnota publicada no BOP núm. 83, do 05/05/2010?**

- a) Non contempla ningunha bonificación.
- b) Contempla unha bonificación do 50% da cota tributaria para membros de familia numerosa e persoas pensionistas ou xubiladas.
- c) Contempla unha bonificación do 50% da cota tributaria para persoas que padezan unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33%.
- d) As respostas b e c son correctas.